



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

Mesa de Campaña de Renda 2010

No día de hoxe tivemos convocatoria da Mesa da Campaña de Renda pero aínda non sabemos para qué nos chamaron, xa que pensamos que non foi máis que un paripé para xustificarse. Por un lado, facilítannos un borrador de acordo (ou mais ben un "desacordo") no que a primeira ocorrencia foi que, para a AEAT, a Campaña propiamente en si comeza o 3 de mayo e dura ata o 30 de xuño. Iso si, para mañá xa teñen unha reunión cos responsables da Delegación de Madrid, para ver como poden procesar ali mais de oito millóns de borradores en colaboración co CAT, para que se lles poda ir dando saída no mes de abril. Ou sexa, que de servizo de calidade nada de nada, todo a presa e correndo....E logo veñen as complementarias, liquidacións, etc.... Unha verdadeira chapuza, pero algo normal nos xestores desta casa.

O seguinte que nos contan é que van reforzar as accións formativas, e que comezarán por unha formación de Monitores de Renda de 6 horas de duración (¿é a iso chámanlle formación??). E vaia sorpresa, dito curso xa foi a semana pasada no IEF...iiun pouquiño tarde para informar do curso!! ¿non?

Por outro lado, véndennos a prevención de riscos como unha iniciativa interesantísima, e querense apuntar un bo tanto, nin que non fose algo do outro mundo, pois iso, esté ou non esté por escrito na súa proposta é de obrigado cumprimento. Iso sí, o que marca a norma de prevención sobre os tempos de descanso para o persoal que traballa coas "pantallas de visualización de datos" (descanso de 10 minutos cada dúas horas efectivas de traballo), pásano por alto pois iso restalle "axilidade" á Campaña.

SEGUE=>



Confederación Inter Sindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

Mesa de Campaña de Renda 2010

Tampouco aparece no Acordo uns criterios uniformes para todas as Delegacións en canto a horarios de apertura e peche.

E xa por ultimo a verdadeira estocada final, ven dada porque no documento non aparecen os importes da xornada normal, nin o precio da hora fóra de xornada.

Si que se nos recalca a Administración que para cobrar unha "miseria de euros" na xornada de mañán ten que traballarse a xornada completa, é decir, ou se traballa as 5 horas e media ou non se cobra nada por estar na renda pola mañá.

Respecto aos importes das horas traballadas polas tardes, NON SABEN/NON CONTESTAN, na proposta veñen eses campos en blanco "como se fosemos a cubrir unha quiniela". Iso si, din que se somos bos, en lugar de baixar os prezos da hora nun 5% pois igual se queda no 2, no 1, ou vai ti saber. Pero o importante é que partimos dunha negociación na que o importe de partida é dun 5% menos que na renda do 2007, e, se a esto lle engadimos a suba da vida destes anos, sale unha proposta na que a AEAT pagará un 10,3% menos que na campaña do 2007. ..¿qué vos parece?

Respecto ao persoal de informática a AEAT infórmanos que, en principio, só estará disponible pola mañá, pola tarde a cruzar os dedos e que non se colgue ningun equipo porque para eles non hai cartos....

Total, que despois de tanto tempo desde a última reunión (que foi a finais de xaneiro) veñen con éstas...¿queren un acordo ou ben o que buscan e unha coartada de negociación para facer o que eles queren?

SEGUIREMOS INFORMANDO

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22-cigaeat@gmail.com